

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 3 DE XULLO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D.^a Ana María Portela Torrón

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as catorce horas e tres minutos do día tres de xullo do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D.^a Ana María Portela Torrón, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO. PROPOSTA RELATIVA Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOCORRISMO EN PISCINA CASTROS DO BOSQUE. EXPEDIENTE TEDEC NÚM 2025/C002/000012

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de xullo de 2025 (CVD: ihONx3dailF9fVP/vKbv), que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto o expediente de contratación tramitado como contrato menor para a adxudicación do servizo de mantemento e socorrismo da piscina Castros do Bosque (expediente TEDEC número 2025/C002/000003).

Visto o documento de retención de crédito asinado pola interventora municipal en data 3 de xuño de 2025 (CVD: XCUfMQbvurWBKnyATo5S)

Visto o prego de prescricións técnicas asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 20 de xuño de 2025(CVD: z6qb+rxwM+qkryRAAYVf).

Visto o informe motivado da contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 20 de xuño de 2025 (CVD: 57ODGAP7idYrU8W/+2Vm).

Vista a proposta e informe de necesidade asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, polo concelleiro delegado da Área de Turismo, Patrimonio, Deportes e Xuventude, e polo concelleiro delegado de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico en data 20 de xuño de 2025(CVD: BARXMm7pxDBYUAXRXF74).

Visto o informe desfavorable de Secretaría de data 2 de xullo de 2025 (CVD: BARXMm7pxDBYUAXRXF74), no que, entre outras cousas, se sinala:

“(…/…)”

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia da técnica que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral , a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser preciso, poderá ser ampliado.

Sentado o anterior, fanse as seguintes consideracións:

En data 12 de xuño de 2025 por esta Secretaría emitíuse informe(CVD: s/zwEYlqal9aws9QAygt) no que se ratifica a que subscribe e no que entre outras cousas,, nas súas consideracións e conclusións sinalouse o seguinte:

“(…/…)”

Primeiro.- O artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), (modificado polo Real decreto-ley 3/2020, de 4 de febreiro) regula o expediente de contratación en contratos menores dispoñendo o seguinte:

“1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.

3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das

oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.

6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.”

Polo que atinxe a súa duración, o artigo 29.8 do dito texto legal establece que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

Por outra banda, o artigo 65 da LCSP dispón, á hora de regular a capacidade para contratar, que só poderán contratar co sector público as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou, nos casos en que así o esixa a lei, se atopen debidamente clasificadas.

Engade o parágrafo segundo do dito artigo que os contratistas deberán contar, asimismo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

Especificamente, para os contratos menores o artigo 131.3 da LCSP preceptúa que “3.Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas necesarias en el artículo 118.”

O artigo 30.3 da LCSP establece que a prestación de servizos realizárase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios podendo non obstante, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da dita Lei; no mesmo senso o artigo 116 da antedita lei que establece no seu punto 4.f) que no expediente se xustificará adecuadamente, nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

Os órganos de fiscalización externos e os órganos consultivos son reiterativos en limitar a utilización dos contratos menores só para satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas e perfectamente definidas e urxentes.

O obxectivo da nova regulación dos contratos menores da Lei é reconducir o contrato menor a situacións excepcionais. As características das prestacións que poden ser contratadas mediante contratos menores deberán satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas, perfectamente definidas e urxentes. A sensu contrario, non poden utilizarse os contratos menores para atender necesidades periódicas e previsibles.

A oficina independente de Regulación e supervisión da contratación, na Instrucción 1/2019, de 28 de febreiro, sinala, entre outras cousas, que “Así, la propia Ley, reduce la contratación directa a situaciones extraordinarias” A instrucción anteriormente citada da OIRESCON sinala no seu apartado II que “De acuerdo con el principio de competencia y como medida antifraude y de lucha contra la corrupción, el órgano de contratación solicitará, al menos, tres presupuestos, debiendo quedar ello suficientemente acreditado en el expediente. Si las empresas a las que se les hubiera solicitado presupuesto declinasen la oferta o no respondiesen al requerimiento del órgano de contratación, no será necesario solicitar más presupuestos. Las ofertas recibidas así como la justificación de la seleccionada formarán, en todo caso, parte del expediente. De no ser posible lo anterior, deberá incorporarse en el expediente la justificación motivada de tal extremo”.

E o Consello de Contas de Galicia no informe especial de fiscalización de comunicacións de 25 de xaneiro de 2023 indica respecto da contratación menor, entre outras cousas, que : “(../....) E incluso en relación a estas, debiera promoverse la inclusión en la normativa interna del fomento de la concurrencia en la adjudicación de los contratos menores mediante la

publicación electrónica de anuncios de licitación en la línea de las recomendaciones del Código Europeo de Buenas Prácticas para facilitar el acceso de las PYMES a los contratos públicos para garantizar la efectiva transparencia y concurrencia de la contratación pública.....”

No suposto examinado, o obxecto do contrato é referido a unha necesidade perfectamente previsible, recorrente e á que non pode atribuírselle o carácter puntual nin excepcional, polo que non se cumpren os requisitos legais esixidos para poder utilizar o contrato menor.

Polo exposto, infórmase que non se axusta á legalidade a utilización da figura de contrato menor.

Ademais do anterior, non se considera xustificado o prezo do contrato, especificamente en canto aos medios materiais , posta en marcha e produtos químicos . Así, a título de exemplo, non se xustifica a necesidade da cantidade de hipoclorito sódico (2.800 kg, que supoñen 2.520 euros) para os meses de apertura ao público da piscina (segundo a documentación técnica ,do 23 de xuño ao 7 de setembro de 2025).

Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación infórmase que na tramitación do expediente deberase remitir o expediente á intervención municipal ao obxecto de que se pronuncie verbo do cumprimento da base 26.2 das de execución do presuposto.

Respecto da práctica relativa a que nalgúns expedientes de contratación, cuxa tramitación se propón como contrato menor, de publicar no perfil del contratante do Concello de Cambre un anuncio no que se concede un prazo para a presentación de ofertas, cabe indicar que a dita publicación no perfil do contratante non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación no perfil do contratante nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito

Por outra banda, e , polo que respecta ao sinalado na proposta e informe de necesidade (CVD: Xd1GA7s16HCUocaiAyK+) asinada polo coordinador de actividades culturais e educativas e o concelleiro delegado da área de turismo, patrimonio, deportes e xuventude verbo de que: -”.....El que suscribe inicio un nuevo expediente de contratación 2021/C006/000006 donde se reflejan las prescripciones técnicas que regulan a gestión integral del Complejo Deportivo da Barcala bajo la modalidad contractual de concesión de servicios. El 17 de agosto de 2021 se delega la contratación con la previsión suficiente para poder tramitarlo antes de que expire el contrato el 25 junio de 2025. Se delega con todos los documentos necesarios; ppt, info propuesta, estudio económico, etc. En el expediente consta una providencia del ex concejal de Deportes de fecha 12 de febrero de 2025..

Por este motivo se propone el procedimiento de contratación establecido en el art. 118 LCSP(..../....)”, cómpre sinalar por unha banda, que dito expediente(o 2021/C006/0000069 refírese á xestión do complexo deportivo de A Barcala, no que non se inclúe a piscina de Castros do Bosque; e por outra banda ,que no dito expediente consta que en data 15 de abril de 2024 pola técnica de xestión de Administración xeral emitíuse “NOTA EN RELACIÓN Á DOCUMENTACIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA INICIAR EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE LA BARCALA (EXPEDIENTE TEDEC: 2021/C006/000006).” (CVD: FaqQcsK4Nt/5KnnTipdE), no que en relación á documentación técnica e polas consideracións nela contidos, concluíu que :”Polo exposto, a efectos de poder iniciar o expediente de contratación e redactar o prego de cláusulas administrativas particulares, procede subsanar o expediente mediante a incorporación da documentación anteriormente sinalada.”. Non consta no expediente que dende a data da emisión da referida nota se incorporarse nova documentación técnica.

Cómpre tamén sinalar que , relacionado coa providencia do entón concelleiro de deportes de data 12 de febreiro de 2025 á que se refire a proposta informe de necesidade citado, a sra. Alcaldesa en data 14/02/2025 emitíu providencia (CVD:

w7hLLB1ZeeQ9oOPrLEIR) a cal contestou esta Secretaría mediante escrito de data 21 e febreiro de 2025 (CVD: Wa5crAewSKYQt5zpZXYZ) e a sra. Interventora municipal por escrito de data 21 de febreiro de 2025 (CVD: ocQSHtgANbor4SG4N890).

Non se estudan os restantes extremos do expediente polos motivos sinalados na cuestión previa.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe, non procede a contratación como contrato menor i polo que infórmase desfavorablemente o expediente."

Esta secretaría se ratifica no exposto no informe citado e no seu criterio desfavorable,

Con posterioridade a emisión do dito informe, polo coordinador de actividades culturais e educativas asinaronse en data 20 de xuño de 2025 outro prego de prescricións técnicas (CVD: z6qb+rxwM+qkryRAAYVf), outro informe motivado da contratación (CVD: 57ODGAP7idYrU8W/+2Vm), e outra proposta e informe de necesidade (CVD: BARXMm7pxDBYUAXRF74), nos que, en relación aos emitidos con anterioridade e que foron examinados pola que subscribe con ocasión da emisión do informe de Secretaría, modificáronse o prazo de execución polo que respecta ao comezo da execución (que pasa do 23 de xuño ao 1 de xullo), e o número de Kg e prezo do hipoclorito sódico.

Ao terse reducido o prazo de execución (que , como se indicou, do 23 de xuño inicial pasa ao 1 de xullo) o cálculo do custo dos recursos humanos debería reducirse proporcionalmente. Nembargantes, na documentación técnica de data 20 de xuño de 2025 , pese a reducirse o prazo de execución, non se reduce o custo dos medios humanos, o que non se axusta á legalidade.

Por outra banda, e pese a reducirse o custo dalgún dos medios materiais, a xuízo desta Secretaría non se atopan xustificadas suficientemente o prezo dos medios materiais , posta en marcha e produtos químicos . Así, a título de exemplo, non se xustifica suficientemente a necesidade da cantidade de hipoclorito sódico (2.209,48 kg, que supoñen 1988,54 euros) para os meses de apertura ao público da piscina (segundo a documentación técnica ,do 1 de xullo ao 7 de setembro de 2025).

Polo exposto, infórmase que o prezo do contrato que se recolle na documentación técnica de data 20 de xuño de 2025 non se axusta á legalidade.

De ser outro o criterio do órgano de contratación, e dado que , á vista das datas nas que nos atopamos o contrato non se iniciaría o 1 de xullo, debería deducirse o prezo da oferta presentada proporcionalmente á duración efectiva do contrato.

Tamén para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación , debería cumprimentarse o trámite indicado na base 26.2 das de execución do presuposto., remitindo a tal efecto o expediente á intervención municipal.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase **desfavorablemente** a contratación como contrato menor do servizo de mantemento e socorrismo da piscina Castros do Bosque e a súa adxudicación á entidade mercantil HEBE SPORT,S.L. no prezo de 15.480,74 euros, IVE incluído..

Non se estudan os restantes extremos do expediente polo sinalado na cuestión previa.

É o que expoño neste informe coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito."

Visto o “Informe de existencia de crédito ao contrato de servizo de mantemento e socorrismo da piscina municipal do Castros do Bosque” da interventora accidental, de data 2 de xullo de 2025 (CVD: CUapAtSmRjufaHGwle9z), no que entre outras cousas se indica:

«(…/…) Non corresponde a esta intervención analizar o contido da xustificación alegada senón comprobar que existe informe do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor, pero advírtese por escrito que por parte desta intervención se comparte o informe asinado pola secretaria xeral o día 02 de xullo de 2025 (CVD: 7Q6N3BOj3u1xx83liJUS), e en concreto co seguinte:

“(…)

Ao terse reducido o prazo de execución (que, como se indicou, do 23 de xuño inicial pasa ao 1 de xullo) o cálculo do custo dos recursos humanos debería reducirse proporcionalmente. Nembargantes, na documentación técnica de data 20 de xuño de 2025 , pese a reducirse o prazo de execución, non se reduce o custo dos medios humanos, o que non se axusta á legalidade.

Por outra banda, e pese a reducirse o custo dalgún dos medios materiais, a xuízo desta Secretaría non se atopan xustificadas suficientemente o prezo dos medios materiais , posta en marcha e produtos químicos . Así, a título de exemplo, non se xustifica suficientemente a necesidade da cantidade de hipoclorito sódico (2.209,48 kg, que supoñen 1988,54 euros) para os meses de apertura ao público da piscina (segundo a documentación técnica ,do 1 de xullo ao 7 de setembro de 2025).

Polo exposto, infórmase que o prezo do contrato que se recolle na documentación técnica de data 20 de xuño de 2025 non se axusta á legalidade.

De ser outro o criterio do órgano de contratación, e dado que , á vista das datas nas que nos atopamos o contrato non se iniciaría o 1 de xullo, debería deducirse o prezo da oferta presentada proporcionalmente á duración efectiva do contrato.

Sen perxuicio do informe de fiscalización que proceda emitir na fase procedimental referida ao recoñecemento da obriga, expido e asino dixitalmente o presente informe de existencia de crédito emitido na data que figura na marxe.»

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o gasto por importe máximo de 15.480,74 euros con cargo á partida 342 22799 do orzamento en vigor.

Segundo.- Adxudicar o contrato menor do servizo de mantemento e socorrismo da piscina Castros do Bosque á entidade mercantil HEBE SPORT, S.L.. En canto ao prezo do contrato, a oferta presentada polo licitador (15.480,74 euros, IVE incluído) experimentará a redución proporcional á efectiva duración do mesmo.

Ao abeiro do disposto no artigo 102.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e visto que o orzamento presentado refírese a un período máis amplo que o da prestación a adxudicar, á hora de presentar a factura o adxudicatario deberá ter en conta o seguinte:

- os gastos do persoal deberán ser os correspondentes ao tempo efectivo de execución da prestación, polo que deberán de experimentar a redución proporcional que corresponda.
- os gastos en materiais virán definidos polo número de unidades (cantidade) efectivamente empregadas en cada tipoloxía

O prazo de execución do contrato será dende o inicio da execución da prestación ata o 7 de setembro de 2025, e executarase de acordo coas especificacións que constan no prego de prescricións técnicas (CVD: z6qb+rxwM+qkryRAAYVf).

Terceiro.- Nomear responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas, José Luís Martínez Názara.

Cuarto.- Notificar este acordo ao adxudicatario e ao responsable do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente".

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de xullo de 2025 (CVD: ihONx3dailF9fVP/vKbv), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo